

1º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA ACCIDENTAL PARA CONCERTAR DÚAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO CO OBXECTO DE CANCELAR AS FORMALIZADAS NO SEU DÍA PARA O FONDO DE FINANCIAMENTO DOS PAGAMENTOS A PROVEEDORES, ASÍ COMO A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SÚA FORMALIZACIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. A Sra. Alcaldesa deu lectura a un escrito do presidente de **Sanxenxo Agrupación Liberal**, no que comunicaba que por motivos laborais ningún dos tres concelleiros dese partido poderá asistir a este pleno, pregando que se lles desculpe ante dos demais membros da corporación.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** sinalou que, dado que este asunto non foi a comisión informativa, era necesario ratificar a súa inclusión na orde do día, como non existiu debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **ratificación da inclusión deste punto na orde do día, sendo aprobada por unanimidade dos corporativos presentes.**

O **Sr. Secretario** procedeu a dar lectura á parte dispositiva da proposición da alcaldía.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que a proposición era clara, aínda que os novos acordos adoptados o pasado venres no Consello de Ministros teñen unha incidencia directa sobre este asunto, pero mentres tanto acaba o prazo para concertar as operacións de crédito, polo que é necesario adoptar este acordo, independentemente de que, se no futuro existe unha opción mais favorable para o concello, se escolla esta.

A **Sra. Aguin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou que votarían a favor da proposición polo aforro que ía supoñer para o concello, aínda que xa manifestaron a súa postura sobre os motivos polos que se chegou a esta situación financeira.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que xa faláron noutros plenos da xestión que obrigou a ir a un plan de axuste, ao que este concello non debeu chegar e, en canto ao fondo do asunto, consideraba indecente que as entidades bancarias fixeran negocio a conta das administracións públicas, obtendo diñeiro a un custe practicamente cero e comprando débeda pública das administracións, avogando porque este tipo de endebedamento se financie a cargo do Estado ou do Banco Central Europeo.

A **Sra. Alcaldesa**, logo de indicar que podían estar de acordo nalgunhas cuestións que non lle corresponde decidir a esta corporación, sinalou que estas operacións supoñerían un aforro indiscutible, polo que a súa responsabilidade era aprobalas antes de que remate o ano, aínda que despois poidan xurdir outras posibilidades derivadas dos últimos acordos do Consello de Ministros. Finalmente pediu desculpas por non levar este asunto a comisión informativa, o que se debeu a un problema de datas unha vez elaborado o informe de intervención, como consecuencia dos festivos desta época do ano.

Non se producen mais intervencións e a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación na que, **por unanimidade dos corporativos presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

1º) Co único obxecto de cancelar totalmente o préstamo número 46841279, cun saldo pendente a 10 de Decembro de 2014 de 3.796.795,57 € e con 31 cotas pendentes de amortizar e o préstamo número 46876634, cun saldo pendente a 10 de Decembro de 2014 797.362,64 € e con 31 cotas pendentes de amortizar, formalizados os dous no seu día polo Concello de Sanxenxo co Fondo para o Financiamento de Pagos a Provedores, o Pleno deste concello acorda concertar as seguintes operacións de crédito, condicionadas a que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorice a súa formalización e que terán o mesmo período de amortización que reste para a cancelación completa das dúas operacións de crédito co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores que foron descritas anteriormente:

- Préstamo co Banco Sabadell polo importe de 2.297.693,00 €, ao tipo de interés fixo do 2,06%.
- Préstamo co BBVA polo importe de 2.297.693,00 €, ao tipo de interés fixo do 1,64%.

2º) Solicitar autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a formalización das dúas operacións de crédito concertadas no punto anterior, para o que se remitirá ao citado Ministerio, certificación deste acordo plenario e do informe do interventor, de data 10 de decembro de 2014, no que se certifica o aforro financeiro anual que se producirá como consecuencia da subscripción destas dúas operacións de endebedamento.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a presidencia dá por finalizada a sesión, sendo as nove horas e corenta e oito minutos, de todo o que, eu secretario, dou fe: